

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA E O CONCELLO DE PONTEAREAS PARA APOIO Á CELEBRACIÓN DE ACTIVIDADES RELACIONADAS COA FESTA DO CORPUS CHRISTI DURANTE TODO O ANO 2021.

Santiago de Compostela,

REUNIDOS

Dunha parte, D. Alfonso Rueda Valenzuela, vicepresidente primeiro e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Turismo, en representación da **Axencia de Turismo de Galicia**, en calidade de presidente, segundo se establece na Disposición adicional novena do Decreto 130/2020, do 17 de setembro (DOG núm. 190, do 18 de setembro), e de conformidade coa atribución do artigo 15.2.c) dos estatutos da Axencia Turismo de Galicia, aprobados polo Decreto 196/2012, do 27 de setembro (DOG núm. 193, do 9 de outubro).

E doutra, Dna. M^a Cristina Fernández Davila, alcaldesa do **concello de Ponteareas** (en adiante “o Concello”), no exercicio do seu cargo e ao abeiro das competencias que para vincularse neste acto se lle confiren na Lei reguladora das bases do réxime local, lei 7/1985, do 2 de abril e na Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos en exercicio das facultades que, para convir en nome das entidades que representan, teñen conferidas

EXPOÑEN

Primeiro.- A Axencia Turismo de Galicia, en virtude do disposto no artigo 9 dos seus estatutos, aprobados polo Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia, é a entidade pública instrumental do sector público autonómico de Galicia á que lle corresponde o exercicio, entre outras, das competencias en materia de fomento e competitividade do turismo.

Segundo.- O Concello de Ponteareas, segundo se sinala no artigo 25.2.m) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, ten competencias en materia de turismo, realizando para iso diversas actuacións entre as que cabe destacar a celebración da Festa do Corpus Christi.



Esta festa é unha das celebracións máis destacadas de toda a comarca polo que Pontearreas é coñecida como a Vila do Corpus. As súas alfombras de flores son as máis importantes de Galicia e gozan de prestixio fóra da comunidade, sendo Pontearreas un referente internacional na arte de confección de alfombras florais e a súa tradición é unha das máis antigas do mundo. Esta tradición dou lugar a que a Festa do Corpus Christi fose declarada de Festa de Interese Turístico Internacional no ano 2009.

Terceiro.- A situación actual pola pandemia da COVID-19 supón unha incerteza no que respecta á posible celebración da Festa do Corpus Christi do xeito que se veu levando a cabo ininterrumpidamente ata o 2020; pero o concello, sendo consciente da importancia desta festividade para a vila e a súa repercusión, tanto socio-cultural como económica, quere levar a cabo unha nova alternativa que permita dar visibilidade ao Corpus Christi durante todo o ano.

Por este motivo, certas accións que forman parte habitualmente da celebración da Festa, a día de hoxe o concello ten certeza de poder levalas a cabo de xeito seguro, e son as seguintes:

- Publicación da Revista Pregón: realizarase unha nova edición da revista “Pregón” na que se recollerán artigos referentes ao Corpus e imaxes de alfombras e materiais empregados en anos anteriores. Esta revista supón un referente importantísimo para a difusión da Festa do Corpus Christi e, ademais, é unha excelente canle na cal estudosos de renome poden plasmar as súas investigacións sobre esta festividade, Pontearreas e a súa comarca.
- Lectura do Pregón do Corpus Christi 2021 e actuación musical.
- Emisión en “*streaming*” daquelas accións das accións que se podan acometer no Corpus 2021. Emitirase a lectura do Pregón e actuación musical, así como a elaboración de escaparates do comercio local con motivos e materiais das alfombras florais, a decoración de balcóns e xanelas con elementos florais simulando alfombras verticais e as actuacións que, de ser o caso, sexan feitas polos alfombristas de cada tramo nas rúas de Pontearreas.
- Actividades de animación infantil na rúa.

A maiores destas accións, propón as seguintes actuacións de cara a facer desta festividade un novo referente a nivel tecnolóxico, implicando a grandeza da nosa tradición coas novas tecnoloxías que permitirán que os visitantes que chegan ás nosas terras, poidan gozar desta arte efémera todo o ano, así como incrementar a repercusión destas accións no sector turístico e comercial da vila:

- Cultura e alfombras todo o ano: trátase dunha nova experiencia de realidade aumentada, coa que se acadarían 3 obxectivos principais:



a) Sinalizar o percorrido polas rúas de Pontearreas seguindo o trazado do percorrido do Corpus Christi, algo que non está feito polo de agora e demandado por visitantes e turistas nas diferentes épocas do ano (saber por onde transcorre ese percorrido). Incluiríase tamén información como a dos portais onde se realizan os labores previos (deseño, preparación de materiais...)

b) Colocar uns marcadores no percorrido con códigos QR (sen necesidade de descargar unha aplicación), que permita acceder a información sobre o punto no que se localizan e visualizar material relativo á festa do Corpus, obtida a partir de arquivos multimedia dos que dispón o propio concello (posta en valor de arquivo gráfico existente).

c) Un valor engadido para visitantes e turistas da zona, para que se acheguen a Pontearreas en calquera época do ano e poidan gozar da grandeza do Corpus Christi, no primeiro Museo a Ceo Aberto de Galicia.

- Punto de Información Turístico Dinámico: nun punto físico representativo e claramente identificable no que os turistas, directamente dende o seu teléfono móbil poderán dispoñer de información que lles permita escoller como queren vivir a oferta turística da vila e na que se porá especial interese na festa do Corpus para que poida ser vivida todo o ano. Segundo as preferencias do visitante, indicaráselle as rutas recomendadas coas coordenadas para que poida desprazarse andando hasta os puntos de interese do itinerario. No caso de que ese punto dispoña de código QR, poderase acceder ao seu contido con só enfocar o teléfono móbil.

Cuarto.- No exercicio destas funcións, a Axencia está interesada en apoiar ao Concello no desenvolvemento destas actuacións relacionadas coa Festa do Corpus Christi, por ser unha iniciativa de relevancia, dada a situación actual xerada pola COVID-19, para a divulgación da oferta turística galega vinculada ás festas de interese turístico, como medida de promoción e fomento do turismo para o impulso da mellora económica do sector. Concorren así, aos efectos do establecido nos artigos 19.4.c) e 26.2 a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e 36.c) e 40.1a) do Regulamento da dita lei, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, razóns de interese público para o outorgamento da subvención. Así mesmo, dada a especialidade do obxecto do convenio, non procede a realización dunha convocatoria pública ao ser o concello arriba indicado a entidade organizadora deste evento.

En virtude do exposto, e co obxecto de fixar as condicións que rexerán tal colaboración, as partes conveñen celebrar este convenio de conformidade coas seguintes



CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto do convenio

Constitúe o obxecto deste convenio establecer o marco de colaboración entre Axencia Turismo de Galicia e o Concello de Pontearreas para o apoio á celebración de actividades relacionadas coa Festa do Corpus Christi durante todo o ano 2021, que serán as seguintes:

- Emisión en “*streaming*” daquelas accións que se podan acometer no Corpus 2021
- Actividades de animación infantil na rúa.
- Cultura e alfombras todo o ano: trátase de sinalizar o percorrido do Corpus Christi polas rúas de Pontearreas, e colocar uns marcadores neste percorrido con códigos QR que permitan acceder a información sobre o punto no que se localizan e visualizar material relativo á Festa do Corpus (deseños de alfombras de anos anteriores, vídeos da Festa, entrevistas...)
- Punto de Información Turístico Dinámico: que funcione as 24 horas, os 365 días do ano, para coñecer a oferta turística actualizada da vila e no que poder obter información permanente do Corpus Christi e un mapa automático para guiarnos dentro dos itinerarios dispoñibles da oferta da vila.

Segunda.- Orzamento e financiamento

O orzamento estimado para as actuacións obxecto deste convenio ascende a 50.000,00 € que se distribúe do seguinte xeito:

Concepto	Importe
Animación infantil de rúa (Tobogán de auga...) o día festivo de Corpus Christi	4.658,50 €
Retransmisión en streaming	1.694,00 €
Cultura e alfombras todo o ano, tería unha execución para a posta en marcha de aproximadamente 6 semanas	17.908,00 €
Punto de Información Turístico Dinámico (PITD), cunha execución de 10 semanas	18.089,50 €
Animación de rúa e actuacións musicais o día da inauguración das accións de dixitalización e polo tanto a inauguración do Primeiro Museo a Ceo Aberto de Galicia, destinado ao Corpus Christi	7.650,00 €
Total	50.000,00 €



Deste orzamento a Axencia Turismo de Galicia financiará as actividades que se relacionan no cadro anterior con cargo á aplicación orzamentaria 05.A2.761A.760.1 “Axudas a festas de interese turístico” cunha achega de 40.000€ dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma Galega para o ano 2021.

Esta contía constitúe o importe máximo da subvención, quedando por conta do Concello a posible diferenza de financiamento necesario para a execución do obxecto do presente convenio. (A achega da Axencia, 40.000€, fíxase como un importe certo e sen referencia a unha porcentaxe ou fracción do orzamento estimado, aos efectos do disposto no artigo 21.2 do Regulamento da Lei de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro).

Esta achega canalizarase a través dunha subvención concedida polo procedemento de concesión directa de acordo co establecido nos artigos 19.4.c) e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e 36.c) e 40 do seu Regulamento.

A Axencia Turismo de Galicia procederá ao pagamento da subvención a favor do Concello, unha vez que esta entidade presente a xustificación das actuacións realizadas e se comprobe a axeitada xustificación así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade da subvención.

Terceira.- Gastos subvencionables

De acordo co previsto no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, consideraranse subvencionables os gastos que, sen admitir dúbida, respondan á natureza da actividade subvencionada de acordo coa previsión de orzamento recollida na cláusula segunda e que se realicen a partir do **1 de xaneiro de 2021**.

En ningún caso o custe de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

De conformidade co artigo 29.7 da Lei de subvencións de Galicia, os gastos financeiros, os gastos de asesoría xurídica ou financeira, os gastos notariais e rexistras e os gastos periciais para a realización do proxecto subvencionado e os de administración específicos son subvencionables se están directamente relacionados coa actividade subvencionada e son indispensables para a adecuada preparación ou execución da mesma.

Cuarta.- Compromiso das partes

1. O **Concello**, como entidade beneficiaria da subvención, asume as seguintes obrigas:



- Desenvolver as actuacións recollidas nas cláusulas primeira e segunda deste convenio, e que constitúen o seu obxecto e xustificar a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención.
- Incluír en toda a documentación e soportes específicos para o evento que se trata dunha actuación con financiamento da Xunta de Galicia e incluír a marca do Xacobeo 21-22, de acordo co manual de identidade visual, aprobado polo Decreto 167/2018, do 29 de novembro, polo que se regula a utilización da marca Xacobeo 2021-22 (DOG núm. 1, do 2 de xaneiro de 2019).
- Achegar a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Consello de Contas e o Tribunal de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino da subvención.
- Comunicar á Axencia Turismo de Galicia a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados nacionais ou internacionais. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dos fondos recibidos.
- Presentar, antes da sinatura deste convenio, declaración responsable de atoparse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pago algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma, así como unha declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario, establecidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, de conformidade co disposto nos artigos 11 e 13 do Regulamento da dita lei, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.
- Acreditar o cumprimento por parte do concello do deber de remisión ao Consello de Contas das contas xerais de cada exercicio, de conformidade co disposto no artigo 4 e na disposición transitoria única do Decreto 193/2011, do 6 de outubro.
- Subministrar á Axencia Turismo de Galicia, en virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, previo requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento pola Axencia Turismo de Galicia, das obrigas previstas no Título I da citada lei.
- As demais obrigas previstas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

2. A **Axencia Turismo de Galicia** comprométese a colaborar no financiamento do custe das actuacións previstas a través do outorgamento dunha subvención polo importe establecido na cláusula segunda.



Quinta.- Compatibilidade

A achega económica prevista no presente convenio será compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou organismos internacionais.

De conformidade co artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, o importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custe da actividade subvencionada.

Sexta.- Inexistencia de relación laboral

A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral ou de calquera outra natureza entre a Axencia Turismo de Galicia, e as persoas ou profesionais que desenvolvan as accións que constitúen o obxecto do mesmo, de tal xeito que non se lle poderá esixir responsabilidade algunha directa nin subsidiaria por actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento deste.

Sétima.- Xustificación da subvención e pagamento

A xustificación da subvención efectuarase segundo a modalidade de conta xustificativa de acordo co disposto nos artigos 8 e 10 do Decreto 193/2011, de 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas, que deberá conter:

a) Certificación expedida pola Secretaría da entidade local, co visto e praxe do/a alcalde/alcaldesa, relativa á aprobación polo órgano competente da conta xustificativa da subvención, na que se faga constar, como mínimo, de forma detallada:

1. O cumprimento da finalidade da subvención.
2. Os distintos conceptos e contías correspondentes aos gastos totais soportados pola entidade beneficiaria imputables á actuación subvencionada coa seguinte relación: identificación do/a acredor/a, número de factura ou documento equivalente, importe, data de emisión e data de recoñecemento da obriga polo órgano competente. Non se esixe a remisión dos documentos relacionados no artigo 48.2.b) do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.



- b) Os documentos acreditativos dos gastos realizados con medios ou recursos propios e a indicación, no seu caso, dos criterios de reparto dos custes xerais e/ou indirectos incorporados na relación a que se fai referencia na letra a).
- c) Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.
- d) De ser o caso, os tres orzamentos que se requiren en aplicación do artigo 29.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia

A conta xustificativa incorporará, en todo caso, a **certificación da intervención ou do órgano que teña atribuídas as facultades de control da toma en razón en contabilidade** e do cumprimento da finalidade para a que foi concedida a subvención.

Así mesmo, deberá remitirse o detalle da documentación e soportes publicitarios nos que consten a colaboración da Xunta de Galicia e do Xacobeo 21-22.

Asemade deberá indicarse un número de conta para o ingreso dos fondos e xuntar unha declaración responsable da veracidade dos datos relativos á dita conta.

Por outra parte, o Concello deberá presentar unha declaración responsable de atoparse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pago algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma, así como unha declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario, establecidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, de conformidade co disposto nos artigos 11 e 13 do Regulamento da dita lei, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

Á vista desta documentación, o órgano competente da Axencia Turismo de Galicia, comprobará a realización da actividade e o cumprimento da finalidade da subvención e, unha vez comprobado o cumprimento, expedirá certificado acreditativo da verificación realizada e tramitará o pagamento.

A Axencia Turismo de Galicia reservarase o dereito a solicitar toda a documentación que se considere precisa en relación coa xustificación do obxecto do presente convenio.

O prazo para presentar a documentación xustificativa da subvención será dende a formalización do convenio ata o **15 de setembro de 2021**.



Se o investimento xustificado fose menor ao previsto no orzamento estimado contido na cláusula segunda deste convenio e sempre que se cumpra coa finalidade para a que se concedeu a subvención, procederá o pagamento da subvención na contía que sexa obxecto de xustificación. Así, e de conformidade co disposto no citado artigo 21.2 do Regulamento da Lei de subvencións de Galicia, só deberá ser reintegrada (ou, no seu caso, minorada a achega da Axencia, 40.000€) unicamente polo importe que supere o custo total da actividade.

Non se entenderá incumprida a obriga de xustificación das actuacións obxecto deste convenio no caso de variacións das contías previstas nas distintas partidas establecidas no orzamento estimado na cláusula segunda, cando obedezan a razóns xustificadas e as actuacións que se levaran a cabo garden relación directa co obxecto do presente convenio e se compensen uns conceptos con outros, conforme ao previsto no artigo 74.2 do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Oitava.- Pagamentos anticipados

Poderanse realizar **pagamentos anticipados**, que suporán entregas de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para levar a cabo as actuacións inherentes á subvención, por importe do 100%, de conformidade co disposto no artigo 6.3 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas.

Coa solicitude de anticipo, o Concello terá que presentar certificacións ou declaración responsable de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendentes de pago algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma. Así mesmo, debe xuntarse declaración responsable da obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas.

De conformidade co disposto no citado artigo 65.4.c) do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, o Concello está exonerado de constituír garantía relativa aos anticipos previstos nesta cláusula.

Novena.- Reintegro da subvención

Procederá o reintegro parcial ou total da subvención nos casos previstos 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e concordantes do Regulamento da Lei de subvencións de Galicia.



No caso de que se produza exceso das subvencións percibidas de distintas entidades públicas o Concello deberá reintegrar o exceso xunto cos xuros de demora, nos termos que establece o artigo 23 do citado Regulamento.

Décima.- Comisión de seguimento

Coa finalidade de asegurar o cumprimento deste convenio, crearase unha comisión paritaria que estará integrada por seis persoas, dous representantes por cada unha das entidades asinantes, ostentando a presidencia un dos representantes da Axencia Turismo de Galicia.

A Comisión terá as seguintes funcións:

- a) Facer o seguimento e control do desenvolvemento do convenio.
- b) Propoñer a interpretación e resolución das dúbidas que se poidan suscitar na aplicación do convenio.

Está Comisión actuará segundo o previsto no Capítulo II do Título Preliminar da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

Non obstante, todas aquelas cuestións que se susciten en relación co outorgamento, cumprimento, xustificación e pagamento, así como o reintegro e determinación das posibles responsabilidades relativas á subvención concedida serán resoltas pola persoa titular da Dirección da Axencia Turismo de Galicia.

Undécima.- Modificacións do convenio

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención dará lugar á modificación do convenio, sendo de aplicación das previsións ao respecto contidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no regulamento da dita lei.

Calquera modificación do presente convenio deberá acordarse de xeito expreso e por escrito das partes asinantes e de acordo coa normativa vixente.

Así mesmo, e de conformidade co disposto no artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, os convenios subscritos pola Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades instrumentais do sector público autonómico poderán ser obxecto de modificación cando teñan como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.



Décimo segunda.- Causas de resolución

Serán causas de resolución deste convenio:

- O incumprimento do seu obxecto.
- O incumprimento total ou parcial de calquera das cláusulas que nel se establecen.
- O acordo unánime de tódolos asinantes.
- A decisión xudicial declarativa da nulidade do convenio.

Décimo terceira.- Natureza xurídica, réxime xurídico e xurisdición competente

Este convenio ten natureza administrativa, e queda fóra do ámbito da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, que os exclúe expresamente o artigo 6.1.

Seralle de aplicación o réxime determinado pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro que a desenvolve; o Decreto 193/2011, de 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas; os preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e do Real decreto 887/2006 que a desenvolve; a Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno; a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, e polas demais normas de dereito administrativo aplicables e, no seu defecto, polas normas de dereito privado.

As controversias derivadas da aplicación ou interpretación do presente convenio serán resoltas en última instancia pola persoa titular da Dirección da Axencia Turismo de Galicia, cuxas resolucións poñen fin a vía administrativa. Será competente a xurisdición contencioso-administrativa para resolver na vía xurisdiccional as citadas controversias.

Décimo cuarta.- Publicidade e rexistro do convenio. Consentimento para a publicidade de datos persoais

En cumprimento do disposto no artigos 18 e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS en diante) comunicarase a subscripción deste convenio á Base de Datos Nacional de Subvencións que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións.



Segundo o artigo 17 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, ademais da información que debe facerse pública segundo a normativa básica en materia de transparencia, a Axencia Turismo de Galicia publicará o texto íntegro do convenio.

Así mesmo estarase ao disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, sobre as obrigas específicas de información sobre convenios.

Asemade, procederase á inscrición do convenio no Rexistro Público de Subvencións conforme ao establecido no artigo 16 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo.

Coa sinatura do presente convenio as partes asinantes prestan o seu consentimento para incluír e facer públicos a través do Portal de Transparencia e Goberno Aberto e do rexistro regulado no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, os datos de carácter persoal contidos no convenio.

Décimo sexta.- Vixencia

Este convenio entrará en vigor na data da súa sinatura e terá vixencia ata o **31 de decembro de 2021**.

En proba da súa conformidade, as partes asinan este convenio.

Pola Axencia Turismo de Galicia

Polo Concello de Pontareas

O Vicepresidente Primeiro e Conselleiro de
Presidencia, Xustiza e Turismo

A Alcaldesa

D. Alfonso Rueda Valenzuela

Dna. M^a Cristina Fernández Davila

